

Roberto Vidal Bolaño:  
autor, actor e público do aquí.



Actividades

XUNTA DE GALICIA  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Secretaría Xeral de Política Lingüística  
CEIP A. D. R. Castelao, Rianxo

Coordinadora:  
M.<sup>a</sup> Teresa Tubío Rial

Autoría:  
María López Núñez  
Belén Rodríguez Conde  
Noemí Figueira Tubío  
Thais Carou Figueira  
Manuel Piñeiro Sánchez  
M.<sup>a</sup> Marcelina López Gey  
Andrea M.<sup>a</sup> Rodríguez Cebreiro  
María Vázquez Pérez  
M.<sup>a</sup> José Bellas López  
Beatriz Rodríguez Busto  
Ánxela M.<sup>a</sup> Diz Varela  
M.<sup>a</sup> Josefa Amigo Forján  
Carina Jacqueline Sir Balsa  
Nuria M.<sup>a</sup> López Fernández

Dep. legal:  
C 660-2013



# Índice

*Presentación* ..... *pág. 5*

## *Actividades*



*Educación infantil* ..... *pág. 7*



*1.º ciclo de educación primaria* ..... *pág. 11*



*2.º ciclo de educación primaria* ..... *pág. 17*



*3.º ciclo de educación primaria* ..... *pág. 21*



Se queres ter máis información, vai a:  
<https://sites.google.com/site/robertovidalbolano/>



*Roberto Vidal Bolaño*

*Letras Galegas 2013*

# Presentación

Este traballo consta de dez carteis e dunha guía nos que presentamos a vida e a obra de Roberto Vidal Bolaño. A proposta titulámola "Autor, actor e público do aquí" e nela quixemos retratar a traxectoria vital e profesional dunha persoa enteiramente consagrada ao teatro.

Os carteis foron elaborados conxuntamente por alumnado e profesorado de educación infantil e primaria e por especialistas. O caderno de traballo recolle actividades de aula para educación infantil e para os tres ciclos de educación primaria. As distintas seccións van diferenciadas por cores.

Como novidade, incorpórase un tríptico no que ofrecemos datos sobre a súa vida e obra e unha páxina web: <https://sites.google.com/site/robertovidalbolano/>, con información sobre o homenaxeado, actividades Lim que complementan o caderno, material para imprimir e ligazóns seleccionadas.

O grupo de traballo que participou no deseño e na elaboración deste material está formado polos seguintes mestres:

Coordinadora: M.<sup>a</sup> Teresa Tubío Rial (1.<sup>o</sup> ciclo)

María López Núñez (educación infantil)

Belén Rodríguez Conde (educación infantil)

Noemí Figueira Tubío (1.<sup>o</sup> ciclo)

Thais Carou Figueira (1.<sup>o</sup> ciclo)

Manuel Piñeiro Sánchez (1.<sup>o</sup> ciclo e coordinador do EDLG)

M.<sup>a</sup> Marcelina López Gey (2.<sup>o</sup> ciclo)

Andrea M.<sup>a</sup> Rodríguez Cebreiro (2.<sup>o</sup> ciclo)

María Vázquez Pérez (2.<sup>o</sup> ciclo)

M.<sup>a</sup> José Bellas López (2.<sup>o</sup> ciclo e coordinadora de Biblioteca)

Beatriz Rodríguez Busto (2.<sup>o</sup> ciclo)

Ánxela M.<sup>a</sup> Diz Varela (3.<sup>o</sup> ciclo)

M.<sup>a</sup> Josefa Amigo Forján (Dep. Pedagogía Terapéutica)


Carina Jacqueline Sir Balsa (Dep. Inglés)

Nuria M.<sup>a</sup> López Fernández (Dep. Inglés)





ATENCIÓN, ATENCIÓN, MOZOS E MOCIÑAS TODOS! CHÁMOME ROBERTO VIDAL BOLAÑO E O 17 DE MAIO, O DÍA DAS LETRAS GALEGAS, VOU FACER A MIÑA ACTUACIÓN MÁIS IMPORTANTE!! COA AXUDA DOS MEUS MONICREQUES DE *TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL*, ÍDESME COÑECER MELLOR!! ANIMÁDEVOS E PINTÁDEOS DE CORES!!!



ELES SON...

A SERPE!

O CARBALLO!

O ANANO!

O SOL!

A FADA!

O noso mestre dos monicreques naceu en Santiago o 31 de xullo de 1950. Iniciouse como actor no grupo Antroido!!!




- Colorea as letras do seu nome no teclado do IPAD e repasa os apelidos.



VIDAL  
BOLAÑO

- Practica ti as distintas caras e convértete nun actor ou nunha actriz!



LEDA



ASUSTADO



APENADA





DEDICOUSE A MOITOS OFICIOS!!!

■ Seguíde os camiños que eu vos marco para poder coñecerlos!



AUTOR DE TEATRO



DIRECTOR



ACTOR



PRODUTOR



ILUMINADOR



ESCENÓGRAFO




FIGURANTE

FORMOU PARTE DO GRUPO ABRENTE, UN GRUPO DE AUTORES E DRAMATURGOS PROFESIONAIS DE TEATRO EN LINGUA GALEGA




■ Completa estas palabras relacionadas co teatro e colorea:



T \_ \_ T R \_



B \_ T \_ C \_ S



M \_ S C \_ R \_ S







■ Completa coa palabra e pinta os debuxos:




# TOUPORROUTOU DA \_\_\_ E DO \_\_\_




EN 1984, ROBERTO VIDAL BOLAÑO ESCRIBIU *TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL*, ONDE SE CONTAN AS NOSAS HISTORIAS. NO ANO 2000, REPRESENTA *A BURLA DO GALO*.

■ Continúa as series:



■ Rodea a vogal "O" de cor verde e a vogal "U" de cor vermella. Debuxa a nena e o sol.






TOUPORROUTOU, A ONDE VAS NENA?

TOUPORROUTOU, A ONDE ME PETA.

TOUPORROUTOU, E QUE VAS BUSCAR?

TOUPORROUTOU UNHA TEGA DE SAL.

■ Conta os galos e escribe o número que corresponda:





- Tiña 10 moedas, pero gastei 4 na entrada do teatro para ver *A burla do galo*. Cantas me quedan? Debúxaas e escribe o resultado.



10



4

=



6



ESPERO QUE VOS GUSTASE. AGORA, PARA REMATAR, DIVERTÍDEVOS COMO SE DIVERTÍA BOLAÑO NAS SÚAS OBRAS, E RESOLVEDE AS SEGUINTE Adiviñas E PASATEMPOS.


- Adiviña o nome destes títulos relacionados con Roberto Vidal Bolaño:



A



DAS



REVOLTO

- Colorea seguindo o código:


1- AMARELO

2- LARANXA

3- VERDE



- Atopa o camiño! Axúdalle a Bolaño a chegar ata a súa obra *Saxo Tenor*, escrita en 1993.



- Resolve a sopa de letras e busca este vocabulario teatral:

BUTACAS    ESCENARIO  
TRAXE    MÁSCARAS

T	E	S	C	E	N	A	R	I	O
R	D	F	O	J	M	L	O	A	H
A	M	Á	S	C	A	R	A	S	S
X	F	S	S	C	I	D	F	A	L
E	Z	B	U	T	A	C	A	S	Ñ






- Este ano, as Letras Galegas dedícanse a un galego memorable relacionado co mundo do teatro, do cine, da televisión e da literatura. Sabes de quen falamos? Completa a táboa con información sobre el.

Nome do homenaxeado	
Lugar de nacemento	
Título dunha obra súa para nenos	
Título dunha obra súa para adultos	
Título dunha película na que participou	
Título dunha serie na que participou	
Nome da súa compañía de teatro	
Nome dalgún dos premios que gañou	

- Completa o encrucillado:

MAREAS VIVAS - SANTIAGO - TEATRO DO AQUÍ - AS ACTAS ESCURAS - ANTROIDO



- Título dunha das súas obras.
- Serie de televisión na que participou.
- Cidade na que naceu.
- Con esta compañía, representou *Saxo Tenor*.
- Primeira compañía na que profesionaliza o seu traballo.

- Ordena os títulos das seguintes obras de Roberto Vidal Bolaño:

da Lúa Sol e do Touporroutou	
galo A burla do	
Laudamuco ningures de señor	
de sombras Agasallo	
escuras As actas	




- Roberto Vidal Bolaño acadou un gran recoñecemento e foi galardoado con numerosos premios. Atopa cinco na sopa de letras:

MAX - MARÍA CASARES - RAFAEL DIESTE - XACOBEO - ABRENTE



- Ademais da súa paixón polo teatro, Vidal Bolaño tamén traballou no cine e na televisión. Colorea os cadros das películas ou das series de televisión nas que participou.

	A lingua das bolboretas	
As bruxas		Un mundo de historias
Parque xurásico		Sempre Xonxa
Mareas vivas		Piratas do Caribe
	As crónicas de Narnia	





- Descubre que obra se esconde neste xeroglífico:



É a obra:

- Completa coas vogais que faltan e descubrirás algunhas das obras de Roberto Vidal Bolaño:

D\_\_NT\_\_S

CR\_\_T\_\_R\_\_S

\_NX\_\_L\_\_Ñ\_\_S

- Roberto Vidal Bolaño admiraba a moitos persoeiros ilustres da literatura. Escribe o nome de cada un onde corresponda.

Ramón Otero  
Pedrayo




Álvaro  
Cunheiro




Rosalía  
de Castro




Ramón María del  
Valle Inclán




- No teatro, Roberto Vidal Bolaño desempeñou diferentes oficios. Relaciona as seguintes profesións vinculadas ao teatro coa función que cumpre cada unha.

Apuntador



Proporcionalle luz á obra e xoga coa súa cor e intensidade dependendo da escena.

Iluminador



Está pendiente de que os actores non esquezan o diálogo e axúdalles se isto pasa.

Director



Representa o papel de diferentes personaxes.

Actor



Dirixe e supervisa a escenificación dunha obra.

Tremoísta



Encárgase dos cambios de decorado e dos efectos especiais durante as representacións.





- Agora que xa sabes o que fai cada un, escribe unha oración con cada palabra:

Apuntador: .....

Iluminador: .....

Director: .....

Actor: .....

Tremoísta: .....

- Le o seguinte fragmento da obra *Touporroutou da Lúa e do Sol* e colorea.

(A Lúa e o Sol veñen collidos da man e semellan ledos. Ata que, nunha destas, a Lúa sóltase do Sol e vai sentar lonxe del, desgustada e cansa)

O SOL: Véxote cavilosa.

A LÚA: E estouno.

O SOL: Que tes?

A LÚA: Farteime!

O SOL: Fartácheste? De que?

A LÚA: De facer todos os días o mesmo.

O SOL: Abúrreste, non si?

A LÚA: Si.

O SOL: Por que non xogamos á chapa?

A LÚA: Veña!

(Póñense a xogar á chapa, pero a Lúa volve cansar decontado)

A LÚA: Sempre xogamos ao mesmo. Quero facer algo que nunca fixera.

O SOL: E se guerreamos un co outro?





A LÚA: Si, iso, iso, iso!

O SOL: Está ben, comezarei eu, que fago?

A LÚA: Chámame algunha cousa fea.

O SOL: Por exemplo... Zampabroas!

A LÚA: Agora tócame a min. Lambón!


O SOL: Pintagrilos!

A LÚA: Furabolos!



- Dramatizade este texto na aula.

- Roberto Vidal Bolaño admiraba a cultura popular galega. Colorea esta aldea.









- Busca na biografía de Roberto Vidal Bolaño e completa:

O homenaxeado nas Letras Galegas 2013 é ..... Naceu en ....., o día ..... Estudou e empezou a traballar no ..... En 1974, creou a compañía de teatro ....., e presentouse ás Mostras de Teatro de ..... Tamén formou parte doutros grupos de teatro como: .....

Escribiu algunhas obras para o público infantil como: .....

..... Algúns dos seus traballos foron: .....

Foi actor de varias longametraxes e series de TV como: .....

Recibiu numerosos premios como: .....

Finou en Santiago o día .....

- Calcula:

Que idade tiña cando finou?

Cantos anos tería hoxe?

- Escribe a sílaba que sobra en cada palabra relacionada co cinema e atoparás o nome dun vídeo dirixido por Roberto Vidal Bolaño sobre contos de Álvaro Cunqueiro.

Ánsgulo oucine tratrosma camafeira escenaran fototesgrama.




- Intenta facer un acróstico co apelido do autor homenaxeado:

B.....

O.....

L.....

A.....

Ñ.....

O.....





- Presentouse a algúns premios cun pseudónimo. Resolve segundo o código.

A	E	I	U	B	J	L	N	R	S
☆	♥	△	☾	○	□	✦	⇒	◇	▽
□	☾	✦	△	☆	○	◇	♥	⇒	▽

- Roberto Vidal Bolaño escribiu *A burla do galo* por invitación do Centro Dramático Galego. Logo, este representouna no ano 2000. El colaborou como iluminador. Algúns dos seus personaxes son: Esmeraldino, Porfirio, Catalina, Purificación, Laverca, Carla, Dama, Felicitas, Patroa, Moza, Frades, Cóengo, Poeta, Rexedor, Capitán, Maragato.

Ordénaos alfabeticamente:



.....

.....

.....



- Busca o significado das seguintes siglas:

CDG: .....

RAG: .....

- Nos nomes seguintes desapareceron as vogais, atópaas e encontrarás uns cantos escritores a quen el admiraba. Despois relaciona os nomes cos seus retratos:

R \_ S \_ L \_ \_ D \_ C \_ S T R \_

\_ L V \_ R \_ C \_ N Q \_ \_ \_ R \_

R \_ M \_ N \_ T \_ R \_ P \_ D R \_ Y \_

R \_ M \_ N M \_ R \_ \_ D \_ L V \_ L L \_ \_ N C L \_ N



- Resolve o xeroglífico:



**+ Infusión + Negación - N + R**

Obra teatral escrita por Roberto Vidal Bolaño:


.....





- Bolaño escribiu e dirixiu *Animaliños*. Producida por Teatro do Aquí, a peza teatral desenvólvese nos xardíns duns chalés acaroados. En cada un está unha familia, con dúas teimas: coidar o céspede e liberar as plantas das pragas.

Le o seguinte fragmento da obra *Animaliños*, de Roberto Vidal Bolaño:



(Un home e unha muller ao pé dunha planta)

**ELA:** Mira para aí! Miñas pobres! Co traballiño que deu conseguir que prenderades. O que han de estar a sufrir. E todo por causa deses bichos noxentos.

**EL:** Animaliños. Eles só fan por sobrevivir, coma todos. Que saberán os pobres do sufrimento que causan?

**ELA:** Non vos veredes así por moito tempo. Poñerémolle atallo a todo isto canto antes. Non queremos que sufrades máis.

**EL:** Non lles fagas promesas que, se cadra, logo non podes cumprir. Non é tan doado acabar cunha praga coma esta.

**ELA:** E pensar que ata hai uns anos non sabiamos que as plantas tamén tiñan sentimentos, que tamén padecían ou gozaban. Deberíamos poñerlles música, ou lerlles un pedaciño.

**EL:** En que lingua haberá que falarlles?

**ELA:** A quen?

**EL:** Ás plantas.

**ELA:** Será coma nós. Nunha que entendan. Ou sexa, a cada unha na súa.

**EL:** E como sabes cal é a súa? As camelias veñen do Xapón, por exemplo. E esta, en concreto, é dun enxerto que me trouxeron non sei de onde.

**ELA:** Por como recende, debe ser de aquí.

**EL:** Pois acabas de librame dunha boa preocupación. En que lle falo entón, en galego normativo, nos mínimos, en galego reintegrado, ou en español?

**ELA:** En calquera delas.

**EL:** E se ten postura e, en vez dunha alegría, lle dás un desgusto?

**ELA:** Non te entendo.

(Adaptación)

- Continúa o diálogo entre os veciños

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....


.....

- Imaxinade que sodes actores e dramatizade o fragmento e os vosos textos.







- Roberto Vidal Bolaño escribiu *Criaturas* en 1998. Son historias curtas cunha personaxe que fai de enlace entre elas, un Frankenstein. Este sae ao mundo real e namórase, sen saber o que é o amor. Elaborade un cartel para buscar mozo ou moza.
- Roberto Vidal Bolaño participou como actor nestas longametraxes e series para a TV. Atrévete a realizar este sudoku. Recorta e pega para solucionaralo:



- Busca na sopa de letras algunhas das obras de Roberto Vidal Bolaño:



- Saxo Tenor
- Animaliños
- Días sen gloria
- Rastros
- Agasallo de sombras
- As actas escuras
- Bailadela





## Comprensión da biografía

- Cando e onde naceu? .....
- Que quería ser de grande? .....
- Como se chama a primeira compañía teatral que fundou? .....
- Cita, polo menos, catro traballos que desempeñou Roberto Vidal Bolaño e explica que teñen que ver co teatro ou co cinema.

.....

.....

.....

- Que nome recibe a institución que, para inaugurar a súa andadura, representou a obra de Roberto Vidal Bolaño *Agasallo de sombras*?

.....

- A que autores galegos homenaxeou Roberto Vidal Bolaño con algunhas das súas obras?

.....

.....

- Cita o nome das compañías de teatro coas que colaborou Roberto Vidal Bolaño.

.....

- Escribe o nome dunha obra para público infantil de Roberto Vidal Bolaño.

.....

## Investiga

- Xa sabemos que Roberto Vidal Bolaño foi un entusiasta do teatro e de todo o que tiña que ver con el. Fai un traballo de investigación e elabora un mural no que aparezan as partes do teatro explicadas.
- Busca información sobre o Centro Dramático Galego: que é, cando se fundou, cal é a súa función etc.
- Na obra *Días sen gloria*, Roberto Vidal Bolaño conta a viaxe de dúas personaxes sen nome, El e Ela, que están a realizar o Camiño ata Compostela. Recada información sobre o Camiño de Santiago e elabora un mapa no que aparezan as localidades máis destacadas desta ruta.





## Actividades

- Une cada palabra co seu significado, para seguir indagando en cada un dos traballos que desenvolveu Roberto Vidal Bolaño no teatro:

DRAMATURGO	Persoa que asiste a un espectáculo
GUIONISTA	Encargado da iluminación
DIRECTOR	Autor de obras dramáticas
FIGURANTE	Persoa que desempeña un papel nunha obra teatral
ILUMINADOR	Persoa que dirixe
PRODUTOR	Encargado de escribir o guión
ESPECTADOR	Persoa que organiza e financia unha obra teatral
ESCENÓGRAFO	Persoa que asiste a un espectáculo
AUTOR	Actor que aparece nunha obra de fondo e que non fala

- Completa o cadro con información sobre os diferentes tipos de obras de teatro:

TRAXEDIA	
DRAMA	
COMEDIA	

## Obradoiro de creación

- Elabora unha liña do tempo coas obras máis significativas de Roberto Vidal Bolaño.
- Con todo o que xa sabemos do teatro, imos escribir un pequeno diálogo con catro personaxes, que despois pasaremos a dramatizar cos nosos compañeiros.
- En grupos, elaborade uns carteis que sirvan para conmemorar o Día Mundial do Teatro, que se celebra o 27 de marzo de cada ano.





## Texto

- Le o seguinte fragmento da obra *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño.

(Da ramallada sae un mozo novo. Leva un chapeu calado ata os ollos que non deixa verlle ben a cara).

**EL:** É de supoñer que queres que vaia gañar o ceo por ti a Compostela, non si?

**O MOZO:** Busco a alguén capaz de facer o Camiño con lixeireza, para lle dar alcance a un cabaleiro. Pero, polo que se ve, ese xa non é vostede.

**EL:** (Rindo) Se cadra quen tantas veces foi e veu con ben de Compostela, aínda estando impedido, pode ir unha e mil máis, se é que lle peta?

**O MOZO:** E a vostede, pétalle?

**EL:** Depende.

**O MOZO:** De que?

**EL:** Tes cartos?

**O MOZO:** Algúns.

**EL:** Ben! Moi ben! Se iso é certo e tes abondos, mesmo pode mediar un milagre do Noso Señor Santiago. Tráelos contigo?

**O MOZO:** Son novo, pero non parvo, señor.

**EL:** Ha, ha, ha! Cáesme ben, raparigo! Ademais de arroutado, es trampón e troleiro, coma min! Cres neles?


**O MOZO:** En quen?

**EL:** Nos milagres?

**O MOZO:** E vostede?

**EL:** Eu non, pero ás veces diante dos ollos dun acontecen cousas que non son milagres, pero que o parecen. Coma por exemplo, este.

(Deixa de finxir ser coxo e cego) (Adaptación)



- Dramatizade o texto na aula.
- Continúa o diálogo e inventa un final para o fragmento anterior.





# Pasatempos


- Resolve o xeroglífico:



De que película falamos?.....

- Busca nesta sopa de letras os seguintes títulos de obras de Roberto Vidal Bolaño:

SAXO TENOR - RASTROS - DOENTES - A BURLA DO GALO - ANIMALIÑOS- TOUPORROUTOU  
CRIATURAS - ANXELIÑOS - DÍAS SEN GLORIA - AS ACTAS ESCURAS - COCHOS






# ANEXOS







*Marcapáxinas de*  
*A burla do galo*







*Marcapáxinas coa caricatura de  
Roberto Vidal Bolaño*







*Marcapáxinas de*  
*Jouporroutou da Lúa e do Sol*



*Roberto Vidal Bolaño*  
*Letras Galegas 2013*









## *Ligazóns web de interese*

<https://sites.google.com/site/robertovidalbolano/>

(Actividades preparadas para complementar esta proposta de materiais)

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/514>

(Materiais elaborados por diversas bibliotecas escolares de Galicia)

<http://robertovidalbolano.org/>

(Web da Asociación Roberto Vidal Bolaño)

<http://www.realacademiagalega.org/letras-actual>

(Web da Real Academia Galega)

## *Edicións utilizadas na realización desta guía*

VIDAL BOLAÑO, Roberto. *Touporroutou da Lúa e do Sol* (edición facilitada pola Asociación Roberto Vidal Bolaño).

VIDAL BOLAÑO, Roberto. *Anxeliños* (edición facilitada pola Asociación Roberto Vidal Bolaño).

VIDAL BOLAÑO, Roberto. *Saxo Tenor*. Arteixo, A Coruña, La Voz de Galicia, 2002. Serie Biblioteca 120 Galega. Tomo 80.

VIDAL BOLAÑO, Roberto. *A ópera de a patacón*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1998. Serie Os libros do Centro Dramático Galego, 24.

VIDAL BOLAÑO, Roberto. *Rastros: desgracia en catro tempos e unha presada de recordos*. Santiago de Compostela, Edicións Positivas, 1998. Colección Popular Teatro, 4.

VIDAL BOLAÑO, Roberto. *Laudamuco, señor de ningures; Ledaíñas pola morte do Meco*. Santiago de Compostela, Editorial Pico Sacro, 1977. Teatro Galego, 4.

VIDAL BOLAÑO, Roberto. *A burla do galo*. Santiago de Compostela, IGAEM, 2000. Centro Dramático Galego-Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, 23.

VIDAL BOLAÑO, Roberto. *Días sen gloria*. A Coruña, Deputación da Coruña, 1992. Eds. Carmen Becerra Suárez e María Teresa Vilariño Picos, *Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico*. Lugo, Tris Tram, 2002. Máscara, 2.

VIDAL BOLAÑO, Roberto. *Agasallo de sombras*. A Coruña, Edicións El Correo Gallego, 1992. Biblioteca 114.

*Circo da medianoite*. LOURENZO, Manuel. *Maremia*. RUIBAL, Euloxio. *As actas escuras*. VIDAL BOLAÑO, Roberto. Vigo, Pontevedra, AS-PG. 1997. Serie A Nosa Literatura, 45.







# Cae o pano

